

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Expte. Subv: 941/2017	Expte. Contratación: 3528/2019	Expte. Autorizacións sectoriais: 3594/2017
Tipo de contrato: <b>OBRAS</b>		
Obxecto do contrato: <b>HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA.</b>		
Procedemento de contratación: <b>Aberto simplificado con división en lotes .</b>		
Tramitación: <b>Ordinaria.</b>		
Código CPV: <b>45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas.</b>		
Prezo estimado: <b>122.076,15 €</b>		IVE: <b>25.635,99 €</b>
Orzamento base de licitación: <b>147.712,14 €</b>		
Duración: <b>2 MESES</b>		

Visto que no expediente n.º **941/2017**, consta a solicitude de subvención, tramitada ante a Excm. Deputación Provincial, ao abeiro das “Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos, Plan Concellos 2017”, publicadas no BOPPO, n.º 249, do 30/12/2016, para levar a cabo o investimento denominado “**HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA-2017016908**”.

Visto que no mencionado expediente de subvención **941/2017**, consta a notificación da resolución concesión de axuda, por importe **147.712,14 €**, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público e visto así mesmo o Decreto desta Alcaldía, de data 25/05/2017, polo que se acepta a axuda concedida pola Excm. Deputación Provincial con cargo ao PC/2017, para levar a cabo as obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA-2017016908**”.

Investimento	Orzamento base licitación	Subvención PC2017	Fondos Municipais
Humanización da Rúa Ourense e Rúa Pontevedra	<b>147.712,14</b>	<b>147.712,14</b>	0,00

Visto o proxecto das obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA**”, redactado polos Enxeñeiros, D. Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro, que foi aprobado por Decreto desta Alcaldía, de data 27/03/2017 e que ascende:

Execución material	102.585,00
13% Gastos xerais	13.336,05
6% Beneficio industrial	6.155,10
<b>Valor estimado</b>	<b>122.076,15</b>
21% IVE	25.635,99
<b>Presuposto base de licitación</b>	<b>147.712,14</b>

Vista a constancia no expediente da Acta de replanteo, de data 28/03/2017, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, D. Pelayo Eyo Valladares e polo enxeñeiro redactor do proxecto, D. Javier Carballo Núñez.

Visto que no expediente consta o ditame favorable, emitido en data 27/04/2017, pola Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal, condicionada á presentación dun proxecto de control arqueolóxico nas obras que se executarán na Rúa Pontevedra.

Visto que redactado o “Proxecto de Control Arqueolóxico da Humanización da Rúa Pontevedra” pola arqueóloga D<sup>a</sup> Begoña Albertos Figueroa (Expte. 3594/2017), este remitiuse ao Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura de Pontevedra que, en data 06/11/2017,



ditou Resolución de autorización para levar a cabo o mencionado control arqueolóxico.

Visto que o prezo estimado do contrato é inferior a 2.000.000,00 €, de conformidade co previsto no artigo 159.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá adjudicarse por procedemento aberto simplificado con división en lotes.

<b>Prezo estimado do contrato</b>	<b>122.076,15</b>
21 % IVE	25.635,99
<b>PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN</b>	<b>147.712,14</b>

Vista a constancia da Memoria xustificativa do órgano de contratación da necesidade do contrato de 23/07/2019.

Visto que consta no expediente a certificación da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria **1533/61907** e de retención (2019/EP/008336), de datas 02/08/2019.

Visto o informe xurídico da Secretaría relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, emitido en data 06/08/2019.

Visto o informe de fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, emitido en data 07/08/2019.

Vista a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, apartado 7) de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, deberá procederse á designación dos membros da Mesa de Contratación para o presente procedemento de contratación.

Visto o artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación e na que se procederá á aprobación do gasto.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación das obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA**” e que forma parte do expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación nº 3528/2019, tramitado para a adjudicación por *procedemento aberto simplificado con división en lotes* das obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA OURENSE E RÚA PONTEVEDRA**”, incluídas no Plan Concellos 2017.

Os lotes que se establecen son os seguintes:

LOTES	
Lote 1.- Humanización Rúa Ourense	
Lote 2.- Humanización Rúa Pontevedra	

O valor estimado de cada un dos lotes é o seguinte:

LOTE 1.- RÚA OURENSE		
Execución material		47.162,77
Gastos xerais 13%	6.131,16	8.960,93



Beneficio industrial 6%	2.829,77	
<b>Valor estimado do contrato</b>		<b>56.123,70</b>

<b>LOTE 2. - RÚA PONTEVEDRA</b>		
Execución material		55.422,23
Gastos xerais 13%	7.204,89	
Beneficio industrial 6%	3.325,33	10.530,22
<b>Valor estimado do contrato</b>		<b>65.952,45</b>

Os orzamentos base de licitación de cada un dos lotes son os seguintes:

Nº Lote	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL LOTE
<b>1.- RÚA OURENSE</b>	56.123,70	11.785,98	67.909,68
<b>2.- RÚA PONTEVEDRA</b>	65.952,45	13.850,01	79.802,46
<i>Investimento total proxecto.</i>	<i>122.076,15</i>	<i>25.635,99</i>	<i>147.712,14</i>

**TERCEIRO.-** Autoriza-lo gasto pola contía máxima que se indica seguidamente:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
<b>1533/61907</b>	<b>147.712,14</b>

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e anunciar a licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal>) e insertar a documentación correspondente na ferramenta SILEX da Consellería de Facenda ([https://silex.consellerialdefacenda.es/SLE\\_Internet/](https://silex.consellerialdefacenda.es/SLE_Internet/)), aos efectos de que as empresas se poidan presentar as súas ofertas electronicamente.

**QUINTO.-** Designar como membros da Mesa de Contratación para o presente contrato:

**PRESIDENTE:**

A Alcaldesa. Suplente: O Concelleiro delegado de Obras e Servizos.

**VOGAIS:**

O Secretario da Corporación. Suplente: o/a funcionario/a que o substitúa.

A Interventora da Corporación. Suplente: o/a funcionario/a que o substitúa.

O Arquitecto Técnico Municipal. Suplente: Persoal do Servizo Técnico.

**SECRETARIO DA MESA:**

A funcionaria do Servizo de Contratación. Suplente: Un/unha funcionario/a da Corporación.

**SEXTO.-** A presente Resolución xunto coa Memoria xustificativa do órgano de contratación serán publicadas no Perfil do contratante, en cumprimento do establecido no artigo 117 e 63 da LCSP.

**SÉTIMO.-** Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión que celebre.

En Cambados. Asinado electronicamente.

A alcaldesa.

Dª Fátima Abal Roma.

A Secretaria Acc.

Dª Mar Mondragón Treviño.

